



2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de contido teórico práctico da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Na terapia compresiva, para as úlceras de etiología venosa, as vendas de baixa elasticidade (tracción curta ou "short- stretch") estarían indicadas para manter:

- A) Baixa presión en descanso e alta presión de traballo.
- B) Alta presión en descanso e baixa presión de traballo.
- C) Non existe tal concepto.
- D) Todas as vendas usadas en terapia compresiva posúen as mesmas características físicas non seus compoñentes.

2. Son todos métodos de esterilización con produtos químicos, excepto:

- A) Óxido de etileno puro.
- B) Autoclave.
- C) Gas-plasma de peróxido de hidróxeno.
- D) Vapor a baixa temperatura con formaldehido.

3. No ciclo menstrual o pico de LH prodúcese:

- A) Horas antes da ovulación.
- B) Na fase descamativa ou menstruación.
- C) Na fase lútea.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

4. Son criterios de traslado, para pacientes queimados, a unha unidade de referencia (CSUR):

- A) Queimaduras no perineo.
- B) Queimaduras químicas e eléctricas.
- C) Queimaduras de II o III grao maiores do 20% de SCQ a calquera idade.
- D) Todas son correctas.

5. Os "criterios de Denver" son criterios de intubación no paciente queimado con sospeita de inhalación. Cal dos seguintes NON se considera un criterio de intubación urxente?

- A) Queimaduras faciais profundas.
- B) Hipoxia/hipercapnia.
- C) Borra na orofarinxe.
- D) Diminución do nivel de conciencia.

6. Cales son os obxectivos da entrevista clínica enfermeira?

- A) Obter información específica e necesaria para identificar o diagnóstico enfermeiro e a planificación dos cuidados.
- B) Facilitar a relación enfermeira/paciente.
- C) Permitir ao paciente informarse e participar na identificación dos seus problemas e na formulación dos seus obxectivos.
- D) Todas son correctas.

7. Segundo a estratexia de xestión do cancro en Galicia 2022–2028, que factor de risco é o responsable da maior proporción de casos de cancro potencialmente previbles?

- A) Obesidade.
- B) Consumo de alcol.
- C) Tabaco.
- D) Radiación ultravioleta.

8. A enfermidade de Alzheimer caracterízase por:

- A) É máis frecuente en mulleres.
- B) É unha demencia cortical.
- C) Entre as súas manifestacións destacan: anomía, amnesia, apraxia, afasia e agnosia.
- D) Todas son correctas.

9. Entre as características que poden actuar de elementos facilitadores no proceso de constitución dun equipo de traballo están as seguintes, menos unha que é falsa:

- A) Debe ser un grupo numeroso para traballar máis eficazmente.
- B) Debe existir polivalencia nos seus membros.
- C) Debe manter reunións frecuentes, coidando que estas sexan proveitosas.
- D) Debe existir certo grao de autonomía.

10. É un método barreira para a anticoncepción:

- A) Anel vaxinal.
- B) Espermicidas.
- C) Parche transdérmico.
- D) Inxección intramuscular.

11. Cal é a hormona responsable de estimular a reabsorción de sodio e auga no ril?

- A) Aldosterona.
- B) Testosterona.
- C) Cortisol.
- D) Insulina.

12. Que é o test de Aldrete:

- A) Unha escala de uso xeriátrico.
- B) Un test que valora a perfusión distal de membros inferiores.
- C) Un test para valorar a recuperación postoperatoria.
- D) Un test de valoración de vía aérea.

13. Cal dos seguintes factores non se relacionou cun maior risco de consumo de substancias tóxicas na adolescencia?

- A) Sentimentos de inmortalidade.
- B) Ausencia total de autoridade e normas.
- C) Consumo de tóxicos por parte dos proxenitores.
- D) Exceso de autoestima.

14. Para a compresión das varices esofáxicas sangüentas, utilízase a sonda:

- A) Salem.
- B) Sengstaken–Blakemore.
- C) Miller–Abbot.
- D) Levin.

15. En relación coa administración de nutrición parenteral, sinale o falso:

- A) Débense de cambiar os equipos de infusión cada 24 horas.
- B) Antes da súa administración débese temperar a fórmula.
- C) No caso dalgún retraso na administración, acelerarase o ritmo de infusión.
- D) Utilizaranse sempre bombas de infusión.

16. Maruxa, unha xestante de 9 semanas móstrase preocupada polo cloasma gravídico, vostede explicarlle:

- A) Para melloralo debe realizar exercicios de flexión–extensión de cara o parto.
- B) Deberá empregar protector solar e gorro para previlo, así como evitar as horas de máis sol do día.
- C) Habitualmente mellora coa toma de galletas ou pan tostado antes de levantarse da cama polas mañás.
- D) É recomendable o repouso tras as comidas en posición semifowler sen ser estas demasiado copiosas.

17. As feces que se expulsan por unha ileostomía son:

- A) Non se expulsan feces.
- B) Semisólidas e escasas.
- C) Líquidas e continuas.
- D) Sólidas.

18. Con relación ao “biofilm” ou “biopelícula” nas feridas:

- A) Son bacterias fenotípicamente distintas adheridas ao leito da ferida.
- B) Posúen “quorum sensis”, canles de comunicación entre elas.
- C) Están rodeadas dunha matriz extracelular adhesiva que lles confire protección.
- D) Todas son correctas.

19. Coñecendo que a valoración ITB (índice nocello–brazo) é de 1,1. Que tipo de lesión temos ante nós?

- A) Lixeira afectación arterial polo que está indicada terapia compresiva de 20 mmHg.
- B) Existe calcificación arterial severa polo que debe ser remitido a unha consulta especializada de cirurxía vascular para realizar un estudo hemodinámico.
- C) O ITB servirá para coñecer a existencia ou non de afectación arterial e orientar o tratamento compresivo, que estaría indicado ao ser unha lesión venosa.
- D) Isquemia arterial severa polo que estaría absolutamente contraindicada a terapia compresiva.

20. Segundo o procedemento de administración de medicación a través da vía ótica, dispoñible para a súa consulta e descarga (femora.sergas.es), débense ter en conta unha serie de observacións. Indique a CORRECTA

- A) É importante dirixir as pingas cara á membrana do tímpano.
- B) Antes de aplicar pingas óticas, é imprescindible coñecer o estado da membrana timpánica, xa que se está perforada, a medicación pasaría ao oído medio e existiría risco de complicacións.
- C) Unha vez administrado o tratamento, poñeranse gasas ou algodón no conduto auditivo para evitar que a medicación saia do oído, diminuindo a súa eficacia.
- D) O fármaco debe estar a unha temperatura aproximada de 60°C á hora de ser administrado, xa que unha instilación fría pode provocar vertixe no doente.

21. Dentro das TCRR (terapias continuas de reemplazo renal) unha das terapias empregadas é a HDFVVC (hemodiafiltración venovenosa continua). Se a indicación de anticoagulación realízase con citrato, onde se vai a producir esta?:

- A) A anticoagulación redúcese ao corpo do paciente.
- B) A anticoagulación prodúcese no corpo do paciente e no circuito extracorpóreo.
- C) A anticoagulación redúcese ao circuito extracorpóreo.
- D) O citrato non está indicado para as TCRR.

22. Son todos cambios producidos polo envellecemento, excepto un. Indique cal:

- A) Diminúe a masa ósea.
- B) Aumenta a graxa subcutánea.
- C) Aumenta o volume residual respiratorio.
- D) Diminúe o gasto cardíaco.

23. Indique cal é a solución de clorhexidina de elección para a canalización dun catéter venoso periférico, segundo "Flebitis Zero":

- A) Solución acuosa ao 0,05%.
- B) Solución alcólica ao 2%.
- C) Solución xabonosa.
- D) Solución acuosa ao 0,02%.

24. Ao servizo de urxencias chega Rosa, sintomática, suorosa, con palpitacións e sensación de mareo, no EKG obxétivase FA (fibrilación auricular) con RVR (resposta ventricular rápida), vaise realizar unha cardioversión eléctrica, para o que teremos en conta:

- A) A administración de analxesia e sedación.
- B) Que a descarga sexa en modo sincrónico.
- C) Que se faga unha desfibrilación o antes posible.
- D) A e B son correctas.

25. O fenómeno polo cal as mulleres van desaparecendo progresivamente das carreiras científicas ás que van accedendo, debido ás limitacións e obstáculos que se atopan, coñécese como:

- A) Teito de cristal.
- B) Tubaxe que gotea.
- C) Teito de cemento.
- D) Chan de pegamento.

26. Para administrar un enema, sinala cal sería a posición correcta:

- A) Decúbito lateral dereito.
- B) Decúbito prono.
- C) Posición xenupectoral.
- D) Posición de Sims.

27. A unha muller embarazada, que vacina non hai que administrarlle?

- A) Tétanos.
- B) Gripe.
- C) Triple vírica.
- D) Non se lle debe administrar ningunha vacina.

28. Con cal das seguintes probas podemos valorar as discromatopsias?

- A) Test de Snellen.
- B) Cartas de Ishihara.
- C) Test de Allen.
- D) Carta de Jaeger.

29. Pedro ten unha lesión no membro inferior esquerdo, que lle permite apoiar o pé, pero que lle obriga a usar un bastón durante a marcha, que lle recomendaríamos:

- A) Usar a marcha con 4 puntos de apoio.
- B) Usar o bastón do lado contralateral á lesión.
- C) Usar o bastón do mesmo lado da lesión.
- D) Ningunha é correcta.

30. En presenza dunha persoa con signos de atragantamento tras unha comida, que bota as mans ao pescozo, que ten respiración sibilante e que reclama a nosa axuda coas mans porque non pode falar, deberíamos:

- A) Anímalalo a tuser para expulsar o corpo estrano.
- B) Iniciar inmediatamente RCP.
- C) Realizar 5 golpes interescapulares e se non son efectivos 5 compresións abdominais.
- D) Tranquilízalo e indicarlle que debe respirar a modo polo nariz e expulsar o ar pola boca.

31. Para obter un EKG con derivacións dereitas, en concreto V4R, colocaremos o electrodo en:

- A) Cuarto espacio intercostal dereito e liña paraesternal.
- B) Cuarto espacio intercostal dereito e liña clavicular media.
- C) Quinto espacio intercostal esquerdo e liña clavicular media.
- D) Quinto espacio intercostal dereito e liña clavicular media.

32. No tratamento inicial dunha fractura dun membro antes do traslado ao hospital:

- A) Aliñaremos a fractura antes da súa inmovilización.
- B) Nunca inmovilizaremos unha articulación.
- C) Faremos unha tracción manual rápida e segura.
- D) Valoraremos a perfusión distal antes e despois da inmovilización.

33. Dentro do programa de notificación espontánea de reaccións adversas, a tarxeta amarela:

- A) Cubrira a o médico responsable do paciente.
- B) Contén información relativa ao paciente, ao medicamento sospeitoso, á reacción adversa e ao notificador.
- C) Non é válida en caso de reaccións adversas graves.
- D) Úsase so en casos de intolerancia ou hipersusceptibilidade.

34. Denomínase biofase:

- A) Á forma farmacéutica dun medicamento.
- B) Á dilución dun medicamento cando é absorbido.
- C) Á composición orgánica dun fármaco.
- D) Ao lugar de acción do fármaco.

35. En pacientes con EPOC e insuficiencia respiratoria a indicación de osixenoterapia continua domiciliaria (OCD) é:

- A) Paciente con EPOC estábel en repouso, alentando ar ambiente e cunha PaO₂ menor de 55 mmHg.
- B) Debe manterse polo menos 16 horas ao día.
- C) Non está recomendada para o tratamento da hipoxemia nocturna illada.
- D) Todas son correctas.

36. Cando queremos diminuír a incidencia dunha enfermidade, mediante o control dos factores causais e predisponentes, estamos a falar de:

- A) Prevención cuaternaria.
- B) Prevención primaria.
- C) Prevención terciaria.
- D) Prevención secundaria.

37. O plan de asistencia ao ICTUS en Galicia fala das 3F, son as seguintes excepto:

- A) "Fala" (fala).
- B) "Forza" (forza).
- C) "Fatiga" (cansazo).
- D) "Faciana" (cara).

38. Respecto ao consentimento informado segundo a Lei 3/2005, do 7 de marzo, reguladora do consentimento informado e a historia clínica do paciente é certo que:

- A) É o prestado libre e voluntariamente polo afectado para toda actuación no ámbito da súa saúde.
- B) Será verbal, por regra xeral, e prestarase por escrito na aplicación de procedementos que supoñan riscos ou inconvintes de notoria e previsíbel repercusión negativa sobre a saúde do paciente.
- C) O paciente ten dereito a decidir libremente, tras recibir a información axeitada, entre as opcións clínicas dispoñíbeis. Así mesmo, ten dereito a negarse ao tratamento, agás nos casos determinados na lei. A súa negativa ao tratamento constará por escrito.
- D) Todas son correctas.

39. No abruptio placentae, ou desprendemento de placenta normalmente inserta, é falso que:

- A) Os síntomas aparecen bruscamente.
- B) Existe unha hipertonía uterina e é dolorosa.
- C) Hai perda de benestar fetal.
- D) O sangrado é vermello intenso.

40. "A capacidade dun axente patóxico para instalarse e multiplicarse nos tecidos producindo ou non enfermidade" é a definición de:

- A) Patoxenicidade.
- B) Infectividade.
- C) Virulencia.
- D) Contaxiosidade.

41. Un dos síntomas característicos dos cadros maníacos é a "fuga de ideas", que se caracteriza por:

- A) Forma de falar moi lenta.
- B) Sensación de que o que pensa difúndese no ambiente.
- C) Forma de falar rápida pasando dun tema a outro e sen unha relación lóxica.
- D) Períodos de latencia máis breves entre palabras.

42. Das seguintes situacións, en cal estaría indicado o aumento de proteínas na inxesta?

- A) Síndrome nefrótica.
- B) Insuficiencia renal avanzada.
- C) Hemodiálise.
- D) A e C son correctas.

43. Calcule a achega hídrica, empregando a regra de Holliday, correspondente a un lactante de 13kg:

- A) 1.030 ml en 24 horas.
- B) 1.150 ml en 24 horas.
- C) 1.300 ml en 24 horas.
- D) 1.060 ml en 24 horas.

44. A sobrecarga do cuidador do paciente dependente pódese valorar por:

- A) Cuestionario de Zarit.
- B) Escala de Framingham.
- C) Test de Bruckner.
- D) Escala de Lawton.

45. Dos seguintes cal é un mecanismo de inmunidade innata ou inespecífica:

- A) A pel.
- B) Linfocitos B.
- C) Linfocitos T.
- D) Vacinación.

46. Para o desenvolvemento psicomotor do neno de 0 a 6 anos emprégase a escala:

- A) Tanner.
- B) WOOD.
- C) Denver.
- D) Silverman.

47. No tratamento perioperatorio de sangrados inducidos por antagonistas da vitamina K, cando se require unha rápida corrección da hemorraxia para iniciar a intervención cirúrxica empregaremos:

- A) Fitomenadiona.
- B) Acenocumarol.
- C) Complexo de protrombina humano.
- D) Rivaroxaban.

48. Que habilidade comunicativa non favorece a relación enfermeira/paciente?

- A) Empatía.
- B) Silencios funcionais.
- C) Clarificación.
- D) Alta reactividade.

49. Na deshidratación isotónica, indica o falso:

- A) É a deshidratación máis común e con mellor prognóstico.
- B) Síntomas de taquicardia e hipotensión.
- C) É a deshidratación de peor prognóstico.
- D) O sodio sérico mantense en valores normais.

50. A cetoacidose diabética (CAD) é un cadro clínico que se caracteriza por presentar hiperglucemia, xeralmente superior a 300 mg/dl, deshidratación, presenza de cetonuria e acidose metabólica con pH inferior a 7,25 como consecuencia da presenza masiva de corpos cetónicos en plasma. Indica que opción se corresponde coas principais manifestacións clínicas da CAD.

- A) Poliuria, polidipsia, náuseas, vómitos, dor abdominal, astenia, seca de pel e mucosas, respiración de Kussmaul, alento cetósico, hipotensión, taquicardia e alteración da conciencia.
- B) Poliuria, polidipsia, náuseas, vómitos, dor abdominal, astenia, seca de pel e mucosas, respiración de Biot, alento cetósico, hipotensión, taquicardia e alteración da conciencia.
- C) Poliuria, polidipsia, náuseas, vómitos, dor abdominal, astenia, seca de pel e mucosas, respiración de Cheyne–stokes, alento cetósico, hipotensión, taquicardia e alteración da conciencia.
- D) Disuria, polifagia, hipertensión, bradicardia, apnea.

51. Nun paciente con cirrose hepática, o noso principal consello dietético será:

- A) Diminuír a inxesta de proteína animal.
- B) Diminuír a inxesta de lácteos e derivados.
- C) Aumentar a inxesta de graxas.
- D) Ningún dos anteriores.

52. Á hora de administrar medicación a través dunha sonda nasogástrica, cal das seguintes presentacións non estaría indicada?

- A) Comprimidos de liberación retardada.
- B) Comprimidos sublinguais.
- C) Comprimidos con cuberta entérica.
- D) Ningún dos anteriores estaría indicado.

53. A efectos do disposto na Orde de 11 de decembro de 2013 pola que se regula o sistema básico da Rede galega de vixilancia en saúde pública considerárase abrocho ou situación epidémica:

- A) O incremento significativamente elevado de casos en relación ós valores esperados.
- B) A aparición dunha enfermidade, problema ou risco para a saúde nunha zona ata entón libre dela.
- C) A presenza de calquera proceso relevante de intoxicación aguda colectiva, imputable a causa accidental, manipulación ou consumo.
- D) Todas son correctas.

54. Cal dos seguintes síntomas é un signo neuromuscular do hipotiroidismo que unha/un enfermeira/o pode observar na avaliación dun doente?

- A) Tremor nas mans.
- B) Hiperactividade e inquietude.
- C) Debilidade muscular e reflexos lentos.
- D) Irritabilidade e cambios do humor.

55. Que describe mellor o modelo PRECEDE (Predisposing, Reinforcing, and Enabling Constructs in Educational Diagnose and Evaluation)?

- A) Un modelo de educación sanitaria que se centra na promoción de comportamentos saudables
- B) Un modelo de planificación de programas de intervención baseado na análise das necesidades da comunidade
- C) Un modelo de avaliación da efectividade de programas de educación para a saúde
- D) Un modelo de promoción da participación comunitaria na toma de decisións sobre a saúde

56. Das seguintes drenaxes, cal non é isobárica:

- A) Penrose.
- B) Kher.
- C) Pleurevac sen conexión a baleiro.
- D) Saratoga.

57. Os profesionais de enfermaría deben estar alerta ante as situacións desadaptativas do paciente cara a hospitalización. Cal das seguintes características non corresponde co "rol de bo paciente"?:

- A) Segue as recomendacións dos profesionais.
- B) Solicita información constantemente.
- C) Mostra agradecemento.
- D) Colabora co persoal sanitario nas rutinas hospitalarias.

58. En relación coa violencia de xénero psicolóxica, sinale o correcto:

- A) É unha conduta intencionada e reiterada no tempo que atenta contra a integridade psíquica da muller e contra a súa dignidade como persoa.
- B) Comprende ameazas, insultos, humillacións ou vexacións.
- C) É a única que se pode inflixir illadamente, aínda que está presente en todos os tipos de violencia contra a muller.
- D) Todas as anteriores son correctas.

59. En canto á proba da tuberculina:

- A) Farase en tecido subcutáneo.
- B) Precisaremos PPD RT 23.
- C) O mellor lugar de inxección é a cara posterior do brazo.
- D) A lectura do resultado será sempre ás 24 horas da inxección.

60. Na planta de uroloxía está ingresado un doente diagnosticado de tumor renal avanzado e operárase mañá. Laura e Iria, que son dúas enfermeiras moi novas pero con grandes coñecementos no campo cirúrxico e unha actitude sobresaínte, remataron a súa xornada e están a revisar os partes das intervencións que terán programadas mañá. Unha das intervencións é unha nefrectomía, e neste caso concreto extirparase un ril completo, incluíndo a glándula suprarrenal e os ganglios linfáticos próximos. De qué tipo de NEFRECTOMÍA estamos a falar?

- A) Nefrectomía parcial.
- B) Nefrectomía radical.
- C) Nefrectomía aberta.
- D) Nefrectomía laparoscópica.

61. O "check list" ou "lista de verificación cirúrxica" da OMS divide a intervención cirúrxica en:

- A) 3 fases: antes da indución, antes da incisión e antes da saída do quirófano.
- B) 5 fases: no momento da inclusión en lista, na preparación en planta, antes da indución, antes da incisión e antes da saída do quirófano.
- C) 5 fases: na preparación en planta, antes da indución, antes da incisión, antes da saída de quirófano e postoperatorio inmediato.
- D) Ningunha é correcta.

62. A pirámide que consta de cinco niveis que están ordenados xerarquicamente acerca da motivación e as necesidades do ser humano denomínase:

- A) Pirámide de Maslow.
- B) Pirámide de Haynes.
- C) Pirámide de Kaiser.
- D) Pirámide de NAOS.

63. Cal das seguintes opcións é unha vantaxe da atención domiciliaria en Atención Primaria?

- A) Maior custo para o doente
- B) Maior exposición a infeccións intrahospitalarias
- C) Maior risco de illamento social
- D) Maior comodidade e familiaridade para o doente

64. Este modelo representa un enfoque de atención de enfermaría baseado na teoría de Virginia Henderson, que se centra nas actividades da vida diaria do doente, os resultados esperados, as intervencións de enfermaría, o autocoidado, a documentación, as necesidades básicas e a análise da información do paciente. É un enfoque integral que busca identificar e satisfacer as necesidades do doente de maneira holística, promovendo a súa independencia e autonomía na medida do posible. Indica o acrónimo correcto do modelo ao que se refire esta descrición.

- A) ANDREA
- B) ARIADNA
- C) PROGACRO
- D) ERMITAS

65. Aurora é unha enfermeira da Unidade de Coidados Intensivos que, ademais de aplicar coidados con excelencia aos seus doentes, posúe grandes coñecementos e é unha docente por natureza. Na quenda de traballo explica á súa alumna a importancia da estratexia de prevención en infeccións "Bacteriemia Zero". Cal dos seguintes signos e síntomas é característico dunha flebite séptica?

- A) Dor localizada no sitio de inserción do catéter intraveoso.
- B) Inflamación e enroscemento no brazo ou na perna onde se atopa o catéter.
- C) Febre alta e calafríos.
- D) Proído e rash cutáneo no sitio de inserción do catéter.

66. O virus respiratorio sincitial é o causante dunha alta porcentaxe de:

- A) Larinxite.
- B) Bronquiolite.
- C) Epiglotite.
- D) Pneumonía.

67. Segundo a teoría de Charles Horton Cooley, cal dos seguintes elementos é unha característica dos "grupos primarios"?

- A) Teñen unha estrutura xerárquica clara
- B) Son grandes en tamaño e teñen unha ampla gama de membros
- C) Os membros comparten unha relación íntima e persoal
- D) Fórmanse cun propósito específico e limitado no tempo

68. A continuación noméanse alteracións no neonato; tres delas son fisiolóxicas, pero outra é patolóxica, sinala cal:

- A) Cefalohematoma.
- B) Craneosinostose.
- C) Caput succedaneum.
- D) Cabalgamento de suturas.

69. Cando a contorna que rodea á persoa non acepta o dó desta, estamos a falar de dó:

- A) Inhibido.
- B) Desautorizado.
- C) Ausente.
- D) Crónico.

70. Dentro das modalidades de VMNI (ventilación mecánica non invasiva) no modo BiPAP (Bi-Positive Airway Pressure) é certo que:

- A) Prográmase unha EPAP e unha IPAP.
- B) Só se programa unha PEEP.
- C) Emprégase na IRA hipercápnica.
- D) A e C son correctas.

71. Son datos de sepse meningocócica:

- A) Febre, calafríos, malestar e postración.
- B) Síndrome de Waterhouse-Friderichsen.
- C) Hipotermia e arritmias ventriculares.
- D) A e B son correctas.

72. Todos son obxectivos da estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade excepto un. Sinale cal.

- A) Evitar a progresión da cronicidade cara a estadios máis complexos
- B) Manter e/ou mellorar o estado funcional da/do doente axustado ás súas condicións vitais
- C) Mellorar a satisfacción e a implicación das/os profesionais responsables na atención a persoas con enfermidades crónicas
- D) Coordinar a asistencia sanitaria de forma que permita o goce das viaxes do IMSERSO, dando preferencia aos segundos sobretudo se son viaxes organizadas ás Illas, onde o clima pode mellorar as patoloxías crónicas como hipertensión e diabetes

73. Dentro dos modos de ventilación mecánica invasiva (VMI) podemos definir o VC-CMV como:

- A) Ventilación mandatoria intermitente sincronizada.
- B) Modalidade con asistencia total asistida por presión.
- C) Modalidade con asistencia total controlada por volume.
- D) Ventilación espontánea con presión de soporte.

74. A Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA) é unha enfermidade do sistema nervioso central caracterizada por unha dexeneración progresiva das neuronas motoras na corteza cerebral, tronco do encéfalo e a medula.

Trátase da terceira enfermidade neurodexenerativa en incidencia, tras a demencia e a enfermidade de Párkinson.

No Proceso asistencial integrado de esclerose lateral amiotrófica do SERGAS non se inclúe:

- A) Garantir que as persoas con sospeita fundada de ELA teñan unha consulta nos servizos de neuroloxía en menos de 15 días.
- B) Animar á realización do Documento de Instrucións Previas (DEP) sempre antes de alcanzar a fase de enfermidade crónica avanzada na que se formule a necesidade de levar a cabo actitudes terapéuticas invasivas (PEG, ventilación mecánica).
- C) Realizar unha avaliación global do paciente por parte dos servizos de pneumoloxía, nutrición, psicoloxía, oftalmoloxía, rehabilitación e traballador social.
- D) Adxudicar a tarxeta AA para as persoas con ELA, como un compromiso da Consellería de Sanidade pola atención de forma preferente a estes pacientes.

75. Cal das seguintes medidas de coidado de enfermaría é importante no postoperatorio dunha Tiroidectomía para previr complicacións relacionadas coa técnica cirúrxica?

- A) Vixilancia dos niveis de glicosa en sangue.
- B) Avaliación do estado neurolóxico.
- C) Control dos signos vitais.
- D) Observación da incisión cirúrxica.

76. Para realizar unha valoración de risco de desenvolver UPP:

- A) Soamente se debe empregar o xuízo clínico da enfermeira.
- B) As escalas validadas supoñen unha mellor alternativa que o xuízo clínico das enfermeiras, sobre todo se se trata de enfermeiras non expertas.
- C) Soamente se deben empregar escalas de valoración de risco (EVRUPP) sen ter en conta o xuízo clínico da enfermeira.
- D) Calquera tipo de escala é válida para os diferentes entornos de coidados.

77. Dentro do concepto de lesións relacionadas coa dependencia (LRD), as lesións combinadas estarían formadas por estes tipos EXCEPTO:

- A) Multicausais.
- B) Humidade–fricción.
- C) Presión–fricción.
- D) Dermatite atópica.

78. Cal dos seguintes enunciados describe mellor os obxectivos da visita domiciliaria en enfermería?


- A) Proporcionar coidados médicos especializados no fogar do doente
- B) Avaliar a calidade do ambiente do fogar do doente
- C) Avaliar a seguridade e o estado funcional do doente na súa contorna domiciliaria
- D) Realizar procedementos invasivos no domicilio do doente

79. Dentro das contraindicacións da ventilación mecánica non invasiva (VMNI) atopamos:

- A) Risco de aspirar contido gástrico e incapacidade de manter as vías respiratorias permeábeis.
- B) Carencia de impulso respiratorio espontáneo.
- C) Epistaxe.
- D) Todas son contraindicacións.

80. Entre os trastornos motores máis frecuentes dos pacientes con Alzheimer, atópase a presenza de:

- A) Amnesia.
- B) Agnosia.
- C) Afasia.
- D) Apraxia.



81. Teresa chega ó servizo de urxencias con dor epigástrica, náuseas e vómitos, está suorosa, hipotensa e refire falta de vida, atendendo á imaxe anterior diríamos:

- A) Trátase dun SCASEST (síndrome coronario agudo sin elevación de ST).
- B) Trátase dun SCACEST (síndrome coronario agudo con elevación de ST)
- C) É un EKG normal.
- D) BREHH (bloqueo de rama esquerda do Haz de His).

82. Segundo o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia, non é un factor protector interno do suicidio:

- A) Capacidade de adaptación fronte a situacións adversas.
- B) Habilidade para as relacións sociais e interpersoais.
- C) Posuír crenzas e prácticas relixiosas, espirituais ou valores positivos.
- D) Todos son factores protectores internos ou persoais.

83. Entre as precaucións para o coidado do brazo do lado afecto postmastectomía indícanse aos pacientes as seguintes medidas, excepto:

- A) Evitar todo o posible as puncións na vea (análise de sangue).
- B) Evitar a presión sobre o brazo (medición da presión arterial).
- C) Evitar queimaduras solares (usar roupa protectora ou filtros solares).
- D) Depilarse as axilas con coitelas.

84. Montse Mouriño, enfermeira, está a explicar aos seus alumnos de grao a técnica de sondaxe vesical. Indícalles que existe o proxecto FEMORA do SERGAS, de procedementos e protocolos de enfermaría. Cal das seguintes afirmacións é CORRECTA sobre a técnica de sondaxe vesical en homes segundo esta guía?

- A) Desinfectar o glande con clorhexidina acuosa 2% con gasa e movemento espiral, comezando polo meato e finalizando no suco balanoprepucial. Usar unha gasa nova para cada pasada. Deixar secar.
- B) Utilízase unha sonda Foley de dúas vías en todos os casos de sondaxe vesical en homes.
- C) Usarase sempre a sonda de maior calibre posible e se o doente é desagradable introducirase sen lubricante.
- D) Tras retirar o prepucio (se non está circuncidado) aplicarase clorhexidina alcohólica ao 2%.

85. En relación á intimidade do paciente, sinala a INCORRECTA:

- A) Toda persoa ten dereito a que se respecte o carácter confidencial dos datos referentes á súa saúde.
- B) Se o paciente consente que os alumnos estean presentes durante o acto clínico, non será preciso reiterar o seu consentimento no caso de realización dalgún tipo de exploración física, procedemento clínico ou intervención con fins formativos.
- C) Os profesionais teñen o deber de respectar a personalidade, dignidade e intimidade das persoas ao seu coidado e deben respectar a participación dos mesmos nas tomas de decisión que lles afecten.
- D) Os profesionais deben ofrecer unha información suficiente e axeitada para que os pacientes poidan exercer o seu dereito ao consentimento sobre ditas decisións.

86. En Soporte Vital Avanzado, seleccione unha:

- A) A prioridade é canalizar unha vía venosa periférica o antes posíbel.
- B) A desfibrilación e as compresións torácicas son as manobras máis importantes para mellorar a supervivencia do paciente.
- C) A prioridade é intubar ao paciente.
- D) O máis importante é administrar a adrenalina e os fármacos antiarrítmicos nos casos precisos.

87. As inmunoglobulinas:

- A) Son antíxenos que estimulan o sistema inmune.
- B) A súa administración produce defensas que duran moito tempo.
- C) Son anticorpos previamente formados fronte ao xerme que queremos combater.
- D) Ningunha é correcta.

88. Cal dos seguintes enunciados, con respecto á dor e a escala analxésica da OMS, sería erróneo?

- A) Se a analxesia do segundo chanzo non é efectiva, é necesario pasar ao terceiro sen demora. É urxente a necesidade de controlar a dor.
- B) O paracetamol está considerado un fármaco de primeiro chanzo.
- C) Deben mesturarse os opioides débiles cos potentes, sempre que sexa posible.
- D) A morfina non ten teito analxésico.

89. Temos un paciente ingresado en coidados intensivos cun shock cardioxénico, soportado cun balón de contrapulsación intraaórtico, deberíamos ter en conta:

- A) Non está sincronizado co ciclo cardíaco.
- B) É un dispositivo que bombea sangue de ventrículo esquerdo á aorta.
- C) A vixilancia da perfusión distal ao lugar de inserción.
- D) Ningunha é correcta.

90. A inmunidade obtida por medio da administración de vacinas denomínase:

- A) Inmunidade artificial activa.
- B) Inmunidade artificial pasiva.
- C) Inmunidade natural activa.
- D) Inmunidade natural pasiva.

91. Sinale a resposta correcta en relación ao cribado metabólico neonatal:

- A) Permite diagnosticar enfermidades metabólicas.
- B) Realízase entre as 48 e 72 horas de vida do neonato.
- C) Bastará con encher tres dos círculos con sangue venoso sen impregnar o papel.
- D) Recoméndase a punción do talón na liña media plantar.

92. En que consiste o método de relaxación de Edmund Jacobson:

- A) Tensar e relaxar diferentes grupos musculares de maneira alternativa.
- B) Inducir diferentes sensacións corporais e mentais a través de palabras, baseándose na suxestión.
- C) Asociar sensacións relaxantes e pracenteiras cunha palabra ou un concepto que a persoa se dedica a si mesma durante o exercicio.
- D) As respostas B e C son correctas.

93. Tras o parto, coa expulsión da placenta, prodúcese unha serie de cambios hormonais entre os que se inclúe:

- A) Aumento da prolactina.
- B) Aumento da proxesterona.
- C) Aumento dos estróxenos.
- D) Aumento do lactóxeno placentario.

94. Na súa queda, Flora, enfermeira con gran experiencia, vai iniciar no seu paciente unha terapia de substitución renal, para o que, tras ser canalizado o catéter, procede a montar o hemofiltro. Existen diferentes terapias de substitución renal. Cal das seguintes afirmacións é CORRECTA sobre a hemodiafiltración venovenosa contínua (HDFVVC)?

- A) A HDFVVC é unha técnica de diálise utilizada exclusivamente no tratamento da Insuficiencia Renal crónica.
- B) A HDFVVC é un procedemento de filtración renal que utiliza o peritoneo como membrana semipermeable.
- C) A HDFVVC é unha técnica de diálise que combina a hemodiálise e a ultrafiltración nunha soa terapia.
- D) A HDFVVC é unha forma de terapia de substitución renal que se realiza no domicilio do doente.

95. Segundo M. Gordon, na fase de valoración, a dor inclúese dentro do padrón funcional de saúde:

- A) Padrón cognitivo–perceptivo.
- B) Padrón autopercepción–autoconcepto.
- C) Padrón adaptación–tolerancia ao estrés.
- D) Padrón percepción–manexo da saúde.

96. Cal das seguintes opcións é un obxectivo importante dos coidados de enfermaría a doentes crónicos e as súas familias?

- A) Proporcionar coidados de enfermaría centrados exclusivamente no doente
- B) Educar e capacitar aos doentes e as súas familias na autoxestión da enfermidade
- C) Minimizar a participación activa dos doentes e as súas familias no plan de coidados
- D) Manter aos doentes crónicos hospitalizados a maior parte do tempo posible

97. Á hora de investigar resultados en saúde e servizos sanitarios, ademais dos valores e criterios que se adopte, as diferentes organizacións adoptan métodos ou instrumentos de priorización. Unha das ferramentas propostas para o establecemento de prioridades en saúde é o MÉTODO DE HANLON.

O método de Hanlon baséase en catro compoñentes. Indica a resposta CORRECTA.

A) Compoñente A: magnitude do problema; Compoñente B: severidade do problema; Compoñente C: eficacia da solución (ou resolubilidade do problema); Compoñente D: factibilidade do programa ou da intervención.

B) Compoñente A: existencia real do problema; Compoñente B: gravidade real do problema; Compoñente C: existencia de tratamento curativo para a patoloxía; Compoñente D: existencia de parámetros analíticos medibles.

C) Os compoñentes por orde serían: Construción do cuestionario; Estudo dos expedientes pertinentes; Completar o cuestionario; Selección dos problemas ou solucións prioritarias.

D) Os compoñentes por orde serían: Atribuír un peso a cada un dos criterios seleccionados; Valorar cada problema en función de cada un dos criterios; Obter os niveis de significación; Establecer prioridades

98. Considérase unha frecuencia cardíaca normal nun neonato a termo dunhas horas de vida:

A) 200 latexos por minuto.

B) 145 latexos por minuto.

C) 95 latexos por minuto.

D) 185 latexos por minuto.

99. A enfermidade de Crohn caracterízase por todo o seguinte, excepto unha, indíquea:

A) É unha afectación inflamatoria de todo o tubo dixestivo.

B) É unha enfermidade crónica.

C) Afecta só á mucosa do colon.

D) Afecta a toda a parede do intestino, non só á mucosa.

100. Na categorización das lesións cutáneas asociadas á humidade (LESCAH), segundo o GNEAUPP, unha categoría 2B definiríase como:

A) Eritema sen perda de integridade cutánea.

B) Lesión de orixe traumático causada por forzas mecánicas.

C) Unha erosión do 50% ou máis do tamaño do eritema.

D) Perda total do espesor do tecido con óso, tendón ou músculo exposto.

Preguntas de reserva

1. Trala inxestión dunha conserva caseira e pasadas 24 horas, Manuel comeza cun cadro de fallo parasimpático, cal dos seguintes síntomas agardaríamos achar:

A) Sialorrea.

B) Bradicardia.

C) Midríase.

D) Ningún dos anteriores.

2. Determinando a presión arterial polo método auscultatorio, a presión arterial diastólica correspóndese con:

- A) Fase I de Korotkoff.
- B) Fase V de Korotkoff.
- C) Fase III de Korotkoff.
- D) É posterior ás fases de Korotkoff.

3. Respecto á prevención secundaria, non é certo:

- A) As actividades de cribado ou screening son medidas de prevención secundaria.
- B) Actúa no período patoxénico da enfermidade.
- C) Pretende diminuír a incidencia da enfermidade.
- D) Son medidas que se aplican co obxectivo de diminuír as consecuencias e mellorar o prognóstico da enfermidade mediante o diagnóstico e tratamento precoz.

4. En canto a unha tracción esquelética:

- A) Precisan un contrapeso.
- B) Recoméndase povidona iodada nas curas.
- C) Durante os coidados manterase a tracción, realizando a cama de arriba a abaixo se é necesario.
- D) A e C son correctas.

5. Cal é o corticoide de elección, para administrar a unha xestante e acelerar a maduración pulmonar do feto?

- A) Prednisona.
- B) Betametasona.
- C) Cortisona.
- D) Hidrocortisona.

6. Cando falamos de promoción da saúde, a quen nos diriximos?

- A) Á poboación en risco.
- B) Á poboación marxinal.
- C) Á poboación sa.
- D) A toda a poboación.

7. Cal dos seguintes datos non é típico da insuficiencia cardíaca dereita:

- A) Presión venosa central elevada.
- B) Edema con fóvea.
- C) Disnea.
- D) Ascite.

8. Cal é o propósito principal da proba de monofilamento na avaliación dos pés dun paciente con diabetes?

- A) Avaliar a forza muscular dos pés.
- B) Avaliar a circulación sanguínea dos pés.
- C) Avaliar a sensibilidade neuropática dos pés.
- D) Avaliar a mobilidade articular dos pés.

9. **Sinale o incorrecto con respecto aos cuidados dunha sonda PEG (gastrostomía endoscópica percutánea):**

- A) O paciente pode ducharse sen protección pasada unha semana desde a súa colocación, sempre que o estoma non presente ningunha complicación.
- B) Débese inspeccionar diariamente a zona da inserción.
- C) Os medicamentos administrados a través dela, deben mesturarse coa alimentación, para facilitar a súa dilución.
- D) Xirar diariamente a sonda para que non quede adherida á pel.

10. **Que produtos do catálogo de cura en ambiente húmido do SERGAS 2022 están indicados para o manexo do "biofilm"?**

- A) Solución de ácido hipocloroso, cadexómero iodado.
- B) Malla DACC (cloruro de diaquilcarbamoilo), prata (Ag).
- C) A e B son correctas.
- D) Apósitos bioactivos.